

## Administración Local. Municipal Ortigueira.

### Cobertura económica complementaria para o persoal ao servizo do Concello incluído no réxime xeral da seguridade social nas situacións de ILT

#### ANUNCIO

#### Cobertura económica complementaria para o persoal ao servizo do Concello de Ortigueira incluído no réxime xeral da seguridade social nas situacións de incapacidade laboral temporal.

En sesión ordinaria realizada polo Concello Pleno o 27 de decembro de 2012 adoptouse, entre outros, o acordo que se transcribe na súa parte dispositiva, sobre a cobertura económica complementaria para o persoal ao servizo do Concello de Ortigueira incluído no réxime xeral da seguridade social nas situacións de incapacidade laboral temporal:

“**Primeiro.-** O Concello de Ortigueira adhiúrese na súa totalidade ao establecido na Disposición Adicional 18º do citado Real Decreto (Real Decreto Lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade) para a Administración Xeral do Estado e polo tanto complementará as prestacións que perciba o persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social, e o persoal laboral ao seu servizo nas situacións de incapacidade temporal, de acordo cos seguintes límites:

1º.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns:

1.1.- Dende o primeiro día da situación de incapacidade temporal ata o terceiro día inclusive, recoñecerase un complemento retributivo do 50% das retribucións que se viñeran percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade incluídos todos os conceptos.

1.2.- Dende o cuarto día da situación de incapacidade temporal ata o día 20 inclusive, recoñecerase un complemento retributivo do 75% das retribucións que se viñeran percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade incluídos todos os conceptos.

1.3.- A partires do día 21 aboarase un complemento ata alcanzar o 100% das retribucións que se viñeran percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade incluídos todos os conceptos.

2º.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais (accidente laboral ou enfermidade profesional) e durante todo o periodo de duración da mesma, a percepción do 100% das retribucións, por todos os conceptos, que viñera percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade incluídos todos os conceptos.

3º.- Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias comúns recoñecerase dende o inicio da IT, un

complemento retributivo do 100% das retribucións que se viñeran percibindo no mes anterior ao de causarse a incapacidade incluídos todos os conceptos nas seguintes situacións:

\*Hospitalización e durante os periodos de recuperación ou postoperativos e recaída dos mesmos.

\*Intervención cirúrxica

\*Baixa por maternidade

\*Risco por embarazo

\* Risco durante a lactación natural

\*Accidente grave ou moi grave

\*IT por enfermidade relacionada por discapacidades recoñecidas cun grao do 33% ou superior

\*IT sen hospitalización provocada por enfermidades crónicas, dexenerativas, irreversibles e/ou incurables

\*IT sen hospitalización pero que requira tratamento ou terapia hospitalaria por enfermidades crónicas, dexenerativas, irreversibles e/ou incurables

\*Procesos oncolóxicos

4º.- Cando haxa dúbidas en situacións distintas ás enumeradas na liñas anteriores serán resoltas pola Alcaldía previo informe do Comité de Seguridade e Hixiene previsto no Convenio colectivo do persoal laboral e no Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario deste Concello.

**Segundo.-**O presente acordo entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2013, e será de aplicación as situacións de ILT que se produzan a partires da súa entrada en vigor, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da provincia de A Coruña.”

O que se publica para xeral coñecemento e efectos.

Ortigueira, 27 de decembro de 2012

O alcalde

Asdo.: Rafael J. Girón Martínez